

Comunicado do Sector Federal Ferroviario da CGT

O Sector Ferroviario da **CGT** fixo público un comunicado ante o gravísimo accidente ferroviario acontecido en Compostela no serán de onte. O texto do comunicado é o seguinte:

Neste momento de dor é necesario priorizar a atención ás vítimas, entre as que se contan tamén cinco ferroviari@s (dous tripulantes falecidos, dous maquinistas e o interventor feridos), así como as súas persoas próximas.

A **CGT** decidiu desconvocar as folgas no Sector Ferroviario, as primeiras das cales ía ter lugar o próximo día 31 de xullo. Consideramos que esta desconvocatoria é un acto necesario de responsabilidade, tendo en conta que todos os ferroviarios estamos conmovidos por esta traxedia e é o momento de apoiar os afectados e de evitar tensións, de analizar o acontecido e de reflexionar sobre as razóns que permitiron que algo así puidese suceder.

Pero non podemos esquecer, precisamente nestes momentos, que a seguridade, un dos motivos da nosa convocatoria, é e segue sendo unha das prioridades para a **CGT**; non podemos permitir que no ferrocarril se sitúe ningún tipo de interese por enriba da seguridade de usuarios e traballadores, nin podemos consentir que traxedias como esta se repitan.

Dende a **CGT** expresamos a nosa condolencia polas vítimas, a nosa esperanza de recuperación aos feridos e todo o noso apoio a familiares e amigos.

Sector Federal Ferroviario da CGT